



[www.iglesiaporeltrabajodecente.org](http://www.iglesiaporeltrabajodecente.org)  
[info@iglesiaporeltrabajodecente.org](mailto:info@iglesiaporeltrabajodecente.org)

## MANIFESTO IGREXA POLO TRABALLO DECENTE 07 DE OUTUBRO 2024

### Por ti, por min, traballo decente

Neste décimo aniversario da iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD), volvemos conmemorar a Xornada Mundial polo Traballo Decente que se celebra o 7 de outubro. Este ano, co lema " Por tí , por min, traballo decente", reafirmamos o noso compromiso coa dignidade e o coidado de todas as persoas traballadoras en todo o mundo. É un momento para reflexionar sobre o camiño realizado xuntos e xuntas, e sobre os desafíos que aínda temos por diante na procura da xustiza social e dun traballo decente, onde "o ser humano expresa e acrecenta a dignidade da súa vida" (Papa Francisco, cfr. *Evangelii gaudium*).

Enfrontámonos a unha **realidade preocupante en España**, cun desemprego estrutural onde miles de persoas queren traballar e non poden; con, aínda, demasiada temporalidade que dificulta enormemente a estabilidade dos proxectos vitais de miles de persoas traballadoras; cunha insoportable praga, a sinistralidade laboral; coa perda de poder adquisitivo dos salarios; coas dificultades de conciliación laboral e familiar, e o aumento das enfermidades psicosociais, etc... Todas elas situacións persistentes reflexo do traballo indecente existente. que non só afectan a vida das persoas traballadoras, senón que tamén socavan a súa dignidade e debilitan a xustiza social debida.

Reiteramos que a **dignidade da persoa traballadora é innegociable** e debe estar no centro de todas as decisións políticas e económicas. Segundo a Doutrina Social da Igrexa, cada individuo ten dereito a un traballo digno que lle permita desenvolverse plenamente como ser humano. É fundamental que se xeren oportunidades de traballo decente, se protexan e promovan os dereitos laborais, sen excepción. A redución da xornada laboral pode ser unha delas.

Seguindo a encíclica *Laudato si'* do papa Francisco, recoñecemos a importancia da **ecoloxía integral no ámbito laboral**. Débese priorizar que as actividades laborais sexan sustentables e respectuosas co medioambiente. Isto implica promover prácticas responsables que coiden e preserven a nosa casa común, para as xeracións futuras.

Francisco lembrounos no seu discurso ao Cume Mundial do Traballo de 2021 a importancia da **dimensión do coidado no traballo**, como unha forma de coidar e dignificar a vida humana. Isto implica crear contornas laborais con dereitos, participativos, seguros e respectuosos, onde se promova o coidado integral de todas as persoas traballadoras.

A procura do **ben común debe ser o obxectivo principal do conxunto da comunidade**, pero particularmente de quen teñen a responsabilidade de articular políticas que garantan as condicións esenciais que permitan ás persoas alcanzar unha vida digna, unha vida boa. Isto inclúe garantir un traballo decente, acceso á vivenda e servizos públicos de calidade. Neste sentido, tamén pedimos ao Congreso que faga posible a regularización extraordinaria de persoas migrantes.

Finalmente, ITD celebra este décimo **aniversario** renovando o noso compromiso por un presente e un futuro onde o traballo decente sexa unha realidade para todos, tamén no seo da Igrexa. Lembramos con gratitude a todas as persoas e institucións que contribuíron —e contribúen— a esta causa ao longo dos anos e comprometémonos a seguir loitando pola dignidade e o coidado das persoas traballadoras.

